



Alimagro
2021
promocionou
a comarca
da Limia



Páxina VI

A XV edición
do Outono
gastronómico
chegará ao 19
de decembro



Páxina VII

O Pereiro de
Aguiar impulsa
a investigación
do Castelo
de Parada



Páxina VIII

Baltar
reelexido
presidente do
PP ourensano



Páxina XII

Novas
actuacións
arqueolóxicas
na Catedral
de Lugo



Páxina XIII

Eficiencia
enerxética
no CEIP
de Sober



Páxina XV



A Unesco declara a Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel a sétima reserva da biosfera de Galicia

Páxina IX



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Réquiem pola OTAN

Subitamente e ante a sorpresa dos membros da OTAN, en especial daqueles que forman parte da Unión Europea, apareceu o AUSKUS, acrónimo que define o pacto "anglosaxón" de defensa acordado o pasado 15 de setembro entre EE.UU, Gran Bretaña e Australia.

Trala vergoñenta retirada de Afganistán, quedaba claro que o presidente Joseph Biden precisaba dunha estratexia que fora convincente para manter inalterables os intereses do complexo militar e industrial estadounidense. Así, o AUSKUS ten un obxectivo estratéxico clave: a contención de China. Sexa quen sexa o que estea na Casa Branca, e nos derradeiros anos estiveron Obama, Trump e Biden, Washington sabe que Beijing é a principal ameaza a súa hexemonía global, cada vez máis contrarrestada.

Agora ben, o foco está agora na OTAN e a denominada Alianza Atlántica. Europa rexeitaba a Trump precisamente pola súa reticencia a manter compromisos coa OTAN. Pero hoxe con Biden, Bruxelas se da de bruces coa realpolitik: Washington xa non precisa da OTAN, un organismo herdeiro da "guerra fría". A única *raison d'être* da

OTAN segue a ser unha Rusia que non esquece os seus intereses e a súa capacidade de influencia. Pero Washington interpreta que a clave do poder global do século XXI mudou fai tempo do Atlántico aos mares do Indo-Asia-Pacífico. Así, o AEKUS ven a certificar prematuramente esa defunción operativa da OTAN.



Golpeado na súa imaxe pola retirada de Afganistán, Biden apresurouse en amosar as súas cartas xeopolíticas. Co Brexit aparentemente sen volta atrás, o mandatario estadounidense aproveitou un momento

decisivo. Ánxela Merkel pon fin a súa era hexemónica en Alemaña e na Unión Europea, coas incertezas sobre cal será agora o rumbo que tomarán Berlín e Bruxelas. Putin, ese dor de cabeza da OTAN, acaba de afianzar o "putinismo" como sistema de poder nunhas eleccións lexislativas complacentes co status quo en Rusia. Incluso, a caída do xigante inmobiliario chinés Evergrade, que terá serias consecuencias para a economía global, era un punto probablemente en mente cando Biden certificou o nacemento da AUSKUS.

A única fronte discordante para Biden é Francia. O seu presidente Emmanuel Macron reaccionou aireado ao AEKUS, retirando os seus embaixadores en Washington e Camberra. Fálanse de acordos militares millonarios que perde París en Asia-Pacífico a favor de Washington. A UE respalda a París nesta crise atlántica.

Pero iso non parece importar a Biden. Sabe que o pulso de poder xógase en Asia-Pacífico. Alí China ten esferas de influencia enormes e diferendos marítimos con varios países, sen esquecer o sempre latente tema de Taiwán. O equilibrio estratéxico de Washington pasou de degradar Asia Central (Afganistán) e Oriente Próximo (con Irán no conxelador) a favor dos seus aliados asiáticos e oceánicos, neste caso Australia, Xapón, India e Corea do Sur.

Gran Bretaña, o "curmá anglosaxón" de EE.UU, entra tamén na ecuación.

Será isto o final da OTAN e do "atlantismo"? Todo indica que será un preámbulo dese fin. A mensaxe de Biden a Europa é clara: Washington xa non está para garantir incondicionalmente a defensa atlantista e europea. Esta era a idea de Trump tan temida e odiada en Europa pero Biden, por quen Bruxelas apostou para reconducir a relación transatlántica, saíu incluso máis reticente para os intereses europeos.

Ante o "desprezo" de Washington, dará a UE e incluso unha OTAN "europeizada" un golpe de timón inesperado, reconducindo as súas tensas relacións co seu inimigo histórico ruso, propiciando unha especie de disuasión preventiva entre Bruxelas e Moscova? Quizais non deberíamos menosprezar esa posibilidade de distensión nas relacións ruso-europeas como consecuencia colateral do AUSKUS. Pero o único que parece certo é que o AUSKUS veu para alterar o equilibrio estratéxico entre o Atlántico e Asia-Pacífico. É, por tanto, un *fait accompli* ditado pola crúa realpolitik estadounidense e unha mensaxe para Europa de que o seu lugar no mundo está desfasado.



Por Ramón Coira Luaces

Como matar un idioma

Os españois sábano ben, pois mataron o idioma falado polos guanches. Foi un xenocidio non só cultural, porén non é esta a cuestión que vou abordar, senón a lingüística. O idioma galego quérano matar cunha morte lenta, por asfixia. Despois dirán -e xa din- os mentireiros: "o galego retro-

cede porque o español é máis dinámico, abre máis portas, é máis internacional ca lusofonía..." ocultando así un duro conflito lingüístico, no que uns e unhas cidadáns decentes loitan contra o Estado, contra Feijoo e o PP para que perviva o seu idioma. É unha loita desigual, chea de xogo suxo por parte do establishment.

Queren matarnos como realidade diferenciada, pero sen facer moito ruído, mentres falan hipocritamente da riqueza e do patrimonio lingüístico e cultural do Estado, a preservar. E deixan para a posteridade unha lexislación que se negan a cumprir, acosando aos que pretendemos exercer eses limitados dereitos virtuais. Por iso o Goberno "progre" español non contempla apoiar os idiomas distintos ao español nas plataformas dixitais de televisión. Queren aplicarnos unha morte

lenta, "democrática" e discreta; que non provoque axitación nin de mala imaxe. Xenocidas! A vosa Constitución é un montón de esterco, non só polas súas carencias democráticas, senón pola súa falsidade intrínseca. O españolismo só pode ser fascismo e /ou imperialismo. En calquera caso, malo para Galiza.



FUCO PRADO



Por Avelino Jácome

A malla dos valentes en Codeseda, Lalín

As medas son para os veciños un adianto do pan; son a fartura para todo o ano, alí están os soños de toda a familia, van tamén os espertares coa primeira raiada do sol, para cavar no monte a estivada con só un chourizo para xantar metido nun anaco de pan de broa...

... por iso o pan é sagrado e non se pode tirar, amásase coa suor das fronte e coa auga da miseria, hai que comelo todo e non estragar nin unha faragulla, por iso tamén a malla é unha festa para os maiores, é a recolleita do froito de tantos traballos."

Contan que fai moitos anos andaban construíndo unha catedral e o mestre arquitecto vendo como ían as obras, preguntáballes aos canteiros:

Acercouse ao primeiro e lle fixo unha pregunta: poderíame dicir que está facendo? "Xa ve, labrando unhas pedras para algunha columna, unha tras outra, sen poder nin erguer a cabeza".

Achegouse logo a outro, repetíndolle a pregunta, recibindo unha resposta semellante: "cicelando unhas pedras para colocar nun piar".

Do mesmo xeito, foi preguntando e todos lle respondían, explicándolle a tarefa que estaban a executar.

Xa desesperanzado, preguntoulle ao

aprendiz encargado de limpar as ferramentas, o oficio máis humilde. O rapaz ergueuse e, mirando cara o ceo, contestoulle levantando as mans: "señor, aquí construiremos unha grande catedral!"

O mestre abrazouse ao aprendiz cos ollos cheos de bágoas, exclamando: "polo menos, un doume a resposta que tanto tempo levaba buscando".

O pasado sábado, día 21 de agosto, tiven a sorte e a honra de participar na celebración da XXII Festa da Malla Tradicional en Codeseda, Lalín, e tamén ser testemuña da construción dunha auténtica catedral da nosa tradición, da loita valente, silenciosa e desinteresada de sesenta mulleres e homes, cada un desenvolvendo coa máxima dilixencia a tarefa encomendada polo director do Museo Casa do Patrón, Manuel Blanco Villar, sen buscar protagonismo algún, sen tratar de destacar en nada, dando cada un o mellor de si mesmo, para que neste ano tan complicado se celebrara o evento, a única das grandes mallas de Galicia que foi capaz de manterse erguida, simulando

a afouteza das árbores que morren de pé, malia aos dous tremendos anos que xa levamos do mortal inimigo da pandemia.

Non houbo público polas circunstancias de todos coñecidas, ou mellor dito o público foi mundial, toda vez que o evento foi transmitido vía streaming por todas as redes sociais, difundida a través de dous programas de máxima audiencia da TVG, con conexións en directo e programas específicos, sendo seguida por moitos milleiros de persoas e outros tantos milleiros que a seguirán, saboreando os distintos vídeos encargados polo propio Museo, como Entidade promotora do evento, para difundila ao máximo nivel.



A este pequeno escribidor, como ao gran arquitecto lle agroman as bágoas nos ollos, lembrando o espírito comunitario deste gran traballo aquí e agora recreado, pero mantendo a súa máis profunda esencia,

as facianas de satisfacción de todos os participantes, e que fixo o aprendiz, quero dicirvos que na Casa do Patrón están preservando a cultura de Galicia con maiúsculas: etnografía, tradición, conservación da paisaxe, memoria dos oficios ancestrais, xa desaparecidos...

Cun fondo sentimento de orgullo do noso, da loita a reo dos devanceiros, da herdanza do seu sacrificio, rendéndolle cada ano unha ofrenda e unha homenaxe.

Ou se alguén me pregunta que fixemos o pasado sábado en Codeseda direille fahendo-so:

Estivemos construíndo a catedral dos sinxelos, a catedral do traballo, da honradez, da loita dunha familia que gardará a nosa cultura para as novas xeracións, aínda que eu só son o rapaciño que axuda a limpar as ferramentas, podó berrar ben forte: "Que viva a malla de Codeseda, que viva a nosa cultura! Galicia vive en

cada un dos seus fillos que loitan por ela, e a Casa do Patrón e un marabilloso exemplo de pasado, de presente e de futuro, na defensa do patrimonio de todos os galegos!"



Por Dr. Xosé M.ª Dios Diz, Médico especialista de AP de Outes

Por qué non temos Médicxs?

"Hai persoas que observan as regras do honor como quen observa as estrelas, dende moi lonxe". Os Miserables. Victor Hugo, 1802-1885, escritor do romanticismo francés.

Nos últimos tempos, o Sr. Feijoo, o Sr. Comesaña e diferentes responsables da Sanidade Pública dinnos "que non podemos poñer substitutxs nas consultas de Atención Primaria, porque non temos Médicxs"... a pregunta que nos facemos todxs é: a que se debe, que algo tan importante como é a Saúde (probablemente o máis), non conta cxs profesionais axeitadxs para realizar esta labor?

Dende fai 12 anos, a política sanitaria na Galiza está caracterizada polos recortes. Chegou a Pandemia, e todo empeorou. Esta dinámica ó que leva é a descapitalización do Sistema Sanitario.

Indiquémoslle ao Sr. Feijoo as causas da falta de profesionais: pouco incentivadxs para realizar un traballo vocacional, unha administración que non ten órganos de decisión para realizar a carteiras de servizos e que non aprecian a Sanidade Real, por non estar cercanos aos problemas da xente. Falta de estabilidade no traballo, falta de estabilidade laboral, salarios e orzamento baixos, previsión de xubilacións de moitxs profesionais, non facilitar a prolongación da vida laboral, desprestixiar a profesión ca idea de fomentar os seguros privados e a privatización sanitaria, pouco apoio á formación e investigación.

A falta de previsión de factores como a xubilación, vacacións, enfermidades, mortes, abandonos, non pagar o suficiente e dar estabilidade: é responsabilidade de quen a xestiona!

Un Sistema Sanitario Público debe contar con orzamentos suficientes. Nós exiximos o 25% do total e estamos no 12%. Debe ter profesionais acreditadxs: cada ano preséntanse o MIR 30.000 Médicxs, para 3.000

bxs, o que sucede é que están en Sistemas Sanitarios que valoran o seu traballo.

É un escándalo apoiarse nunha falacia para consolidar unha estratexia: a Sanidade Pública costou moito conseguila, é o ben



prazas (redondeando). Sr. Feijoo: onde están xs outrxs 27.000 Médicxs que non acadan a praza que oferta o ministerio? Como que non hai médicxs? Áinos e moi

máis preciado que temos e non podemos permitir que xente sin escrúpulos a deteriore día a día. Defendámola (a pesar de ter maiorías absolutas).

Opinión

Por Nicolas Xamardo González. Prof. Honorífico da UPV/EHU

Alfonso Sastre, unha referencia ética universal

En Alfonso, a actividade creativa e o compromiso político forman un par dialéctico que define toda a súa longa e frutífera vida. Dende esta perspectiva, podemos dicir que nel se encarnaban e encarnaban as calidades dun verdadeiro suxeito desde a lóxica lacaniana.

A vida do noso gran dramaturgo basculou entre a Antígona de Sófocles e a Orestíada de Esquilo.

A loita de Alfonso contra o Superego (Creonte, arquetipo do poder despótico e inxusto), encarnada no Estado español, opresor de Euskal Herria, está atravesada



pola Angústia (Antígona prefire a morte antes que acatar a lei do tirano). Angústia derivada do medo, fundado, ás represalias do Estado español. Non obstante, o noso dramaturgo non cedeu e, como Orestes, armouse de Valor: compromiso coa loita de Euskal Herria pola súa liberación. A busca de Xustiza (como Atenea) abarcou toda a súa vida: unha Euskal Herria independente e socialista.



Por Amador Rego Villar-Amor

Recordos daquel xullo de 1985

Lembro naquel mes moitos feitos importantes. Un deles menos importante era a dimisión por motivos persoais de Miguel Boyer. Creo que era o primeiro que dimitía daquel goberno que levaba 31 meses; este facíao por motivos persoais, aos dous anos do caso Rumasa.

Pero nese mes apróbanse unhas leis que polas súas consecuencias quero resaltar. Unha delas é o cambio do protesto das Letras de Cambio. Refírome ás letras que eran con gastos; ao non ser pagadas había que levalas ao notario que levantaba unha acta despois de notificarlle ao librado, neste caso o que tiña que pagar. Isto pasan a facelo os bancos, o cal se converte nunha coladera e encima cobrando o mesmo que cobraban os notarios. Como funcionario que fun de banca aquilo era moi cómodo. Ese cambio veu despois da segunda folga de banca.

A primeira folga foi en febreiro de 1979 e as letras había que levalas ao notario ao día seguinte, co consecuente apuro e trastorno que ademais era unha arma de presión dos traballadores. Todo isto ocorría co goberno de dereitas da UCD.

Pero chegamos á folga de abril de 1983

e todo cambiara. Xa non había que levar as letras ao notario ao día seguinte; había todo o mes para facelo. Isto ocorría co Partido Socialista con maioría de 202 deputados. Ou sexa que as medidas de presión dos traballadores cara á patronal, a esquerda suprimíenolas. Sen Comentarios.

Nese mes tamén se acorda meter á clase política nos Consellos de Administración das Caixas de Aforros. Coñezo un alto directivo dunha caixa que á vista disto decide pedir a conta e marcharse. Esa falta de profesionalidade foi unha da causa principal de que as caixas tivesen o desastroso final que tiveron, a maiores do boom inmobiliario, ao non saber resistirse aos sedutores encantos de maría da construción.

Podía citar varias caixas, pero vou referir á Caixa de Castela A Mancha, que termina cun "buraco" de 9 mil millóns, ao cambio son billón e medio de pesetas, tres veces o que din que tiña Banesto e non tiña. Para a súa intervención reúnese o goberno un domingo 30 de marzo de 2009 pola tarde para estudar a súa intervención. Ao responsable Juan Pedro Hernández Moltó, xúlgano e impoñenlle dous anos de cárcere. Como non ten antecedentes

non pisa o "trullo" e cunha multa de 30 mil euros despáchano. Isto ocorre baixo a presidencia de presidente desa comunidade José Bono Martínez.

Tamén nese mes o goberno maioritario do Partido Socialista acorda meter as súas mans no Consello Xeral do Poder Xudicial. Lembro as proféticas palabras do vicepresidente Alfonso Guerra González, entón con 45 anos, cando di: Montesquie morreu. Claro que o asasinaban. A separación de poderes acabouse. É este partido tamén o que fai o mesmo pero de forma máis grave e alevosa coa chegada da Terceira República que é a Fronte Popular, despois dunhas fraudulentas eleccións e cun reconto similar.

Pois ben desde aquel xullo de 1985 sucedeuse o asalto a Rumasa, coa sentenza prevaricadora do Constitucional. O ataque ao xuíz Mariño Barbeiro Santos en 1985, que é substituído por Enrique Bacigalupo Zapater, xurista importado de Arxentina. O que pasa coa xuíz Carmen Mercedes Alaya Rodríguez que estaba a vulgar elos de Andalucía, o maior roubo de Europa e aínda estamos a esperar ver no cárcere aos culpables.

O indulto a Alfredo Sáez Abad, que lle paga a xuíz Pacual Estevil para que leve ao cárcere a uns clientes de Banesto, usando para iso a xustiza de maneira fraudulenta en 1994 para que logo un goberno en fun-

cións do PSOE, digo novembro de 2011, concédalle o indulto nº 1761, despois de estar condenado 17 anos antes, en que non podía exercer o cargo de conselleiro delegado de Banco de Santander, con soldo anual de 12 millóns.

A fraude famosa de cooperativa de vivendas, que o xuíz Miguel Moreiras Caballero en 1990 esixíalle a UXT e tamén ao PSOE unha fianza de 65 mil millóns de pesetas. O buraco en Banca Catalá de 300 mil millóns de pesetas en 1983 a cargo de Jorge Pujoll, ao que lle crean un tribunal á súa medida e sae absolto e así continua con outros delitos ata os nosos días sen ser xulgado. Tamén o caso de Primas Únicas e Cesión de Créditos de Banco de Santander fraude fiscal de centos de millóns de euros. O Tribunal Supremo absólveo con cinco maxistrados en contra, creando o que se chamou a doutrina Botín, ao que moitos se quixeron acoller, inútilmente. O caso de Urbanor dos Albertos, condenados polo Tribunal Supremo, e tampouco lles pasa nada.

Todos estes abusos discriminatorios ata os nosos días, teñen as súas raíces nese mes de xullo de 1985.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Nemésio Barxa. Do Padroado da Fundación Manuel Maria

Independencia para o Saara

Do mesmo jeito que o primeiro Borbón que se ensenhoreou de España, Felipe V, entregou Catalunya Norte a França o também Borbón, Juan Carlos I entregou o Saara (daquela provincia española) a Marrocos. O territorio foi cobiçado por EEUU, Arabia Saudí e sobre todo Marrocos pola súa situación geoestratégica e riqueza do subsolo e pesca, e os três tramam un plano para invadir o Saara, do que tem conhecimento em 06.10.75 o goberno español, por un informe do Servizo de Inteligencia do Exército Español, e Arias Navarro, por encargo de Franco, envia a Solís a parlamentar con Hasan, con resultados tranquilizadores. O 31.10 o Emérito fai-se cargo da Jefatura do Estado, convoca un Consello de Ministros con tema prioritario o Saara, sem advertir ao Goberno que já previamente enviara a Washington a seu home de confianza, Manuel Prado y Colon de Carvajales, para falar con Henri Kissinger de un pacto con Hasan II, que se firma en secreto nas seguintes horas polo que Juan Carlos se compromete a entregar o Saara a Marrocos a cambio do total apoio político americano e monarquías árabes á súa consolidación como rei de España. Seu cinismo (felonia?) chega a extremos

de que o 02.11.75, despois de haver assinado o convenio, visita ás tropas españolas no Aaiun e num vibrante discurso, entre outras pérolas cheias de falsía, manifesta que “no dudeis que vuestro comandante en jefe estará aquí, con vosotros, en cuanto suene el primer disparo”. O 06.11.75 Marrocos invade o Saara, previa retirada do exército español e levantamento das minas que servirían de defensa ante una probable invasión. A ONU, para a que España segue como potencia administradora, require inutilmente a Hasan II para que se retire do territorio mentras o emérito mira para outro lado e se asegura a coroa, assinando em 14.11.75 con Marrocos e Mauritania a Declaración de Madrid sobre o Saara, traíndo perversamente aos saarauís (cidadáns españois daquela) e con total ignorancia por parte das Cortes españolas.

E quando o povo saaraui, levantado en armas e guerra contra Marrocos, recuperava mediante o Frente Polisario seu territorio, novamente a monarquía Borbónica presta apoio militar, con EEUU e Arabia Saudí, a Marrocos para dar a volta á situación bélica. Nova felonia. Non são figuras nem interpretaciones, são factos certos e por se fora pouco em 2.017 a CIA desclasificou

12 M de páxinas de documentos secretos nos que aparece o Emérito como un dos informantes máis valiosos de USA antes de ser rei e revelan igualmente toda a felonía, traición e venda pola súa intervención do povo Saaraui a Marrocos

Os mandarins políticos que arredor do Emérito deberen ganhar moito diñeiro e prebendas, nada fixeron en todo este tempo para impulsar o Referendo acordado pola ONU, fornecendo incluso armas á monarquía alauí que utiliza contra os saarauís. Ou intervindo persoagens turvos como o Sr. Borrell que se mostra crecido ante Rusia (foi por lá e saiu trasquilado) mas servil e submisso ante Marrocos e non condena a rutura do alto o fogo entre o Frente Polisario e Marrocos por parte de este último; claro que súa servidão ao reino alauí procede da súa época no Consello de Administración de Abengoa, empresa con fortes lazos con Marrocos e intereses no Saara.

A ONU segue a manter que o Saara fica pendente de descolonización e resulta imprescindible proceder a un Referendum no territorio. Mas tanto neste mundo árabe, tão pouco de fiar, como nos USA, Israel e outros, máis interesados en tratar con Marrocos, paralisan súa convocatoria e incluso EUA, con Donald Trump, reconece a soberanía de Marrocos sobre o Saara. Marrocos enfanga as relacións con España provocando o conflito pola atención médica

ao líder da RSD, Ghali, que probablemente se resolveu favorable aos intereses de Marrocos pois seguiu a destitución da Ministra de Exteriores (que autorizou, presuntamente, o ingreso de Ghali no país) e un posterior chamamento de Mohamed VI para retomar as boas relacións con España (que me fai pensar numa reunión de pastores que leva consigo ovelha morta, neste caso Saara; máxime no momento actual con o novo chefe de goberno, o multimilionario Aziz Ayanuch que mantem a liña vermella intocable de defensa de unidade territorial, especialmente o Saara). E no plano interno do reino de España a denuncia apresentada por un empresario marroquino vinculado ao PP, Rachad Andaloussi, contra funcionarios españois e a ex-ministra Gonzalez Laya polo acolhimento humanitario de Brahim Ghali, procedemento curiosamente admitido e tramitado no Julgado de Instrucción Zaragoza-7, atendido polo xuíz Rafael Lasa (que imputa á ex-ministra), cualificado em medios de comunicación como xuíz patriota, fillo e irmán de xuízes patriotas.

Mantenhamos na nosa memoria e sentimentos este povo traído polo emérito e massacrado polo rei de Marrocos, para que se cumpra con os mandatos da ONU.

Quinta do Limoeiro, setembro de 2.021



Por Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero

Xestión da Natureza

Andamos dependentes e confiados pensando que os nosos representantes saiban escoller o modelo axeitado de porvir que nos convén. Cargados de esperanzas confiamos “case cegamente” na súa responsabilidade, sen darnos conta que quedamos espidos na beira do precipicio. Falo á par de todas estas noticias que nos envolven en prevencións e cautelas, pois certamente fixémoslo mal -case, case, fixérono moi mal e nós con eles, por darlles a nosa confianza. Ao punto chegado, é culpa da mala xestión, da mala educación neste mundo de consumo voraz, de gasto e dispendio, de non saber aproveitar a pausa dos tempos e aprender da observación que a ciencia nos permite remoer. Esa sabedoría que temos no adeene e que nos leva a pensar que nada se salda sen o seu prezo. Se contaminamos, contaminámonos nós. Por moito que o agachemos, non quedará impune. Non hai outra volta nin explicación. Se contaminamos moito -as plantacións abusivas tamén son contaminación- virán

enfermidades raras e novas, virán incendios, as fontes privadas de pureza, os ríos sen seres vivos que resistan, o mar cheo de lixo, virán confinamentos, virán mores de podremia comernos o espazo que lles roubamos, virán riadas e virán temporais que busquen por onde saír, rompendo as construcións que fixemos co abuso da confianza. A conta non dá para máis, tampouco para menos. Tamén subirá o prezo da luz disparado como un produto de luxo porque, á súa vez, incrementou o custo polos dereitos de emisión de CO2. Por riba consumimos moito, hai máis demanda mentres reducimos as fontes que producen enerxía. Somos, máis que nada, contaminación. Case todo canto facemos, contamina. Estamos na fase de pretender contaminar menos, pero non chega con isto. Compre un novo deseño que pense en nós, consumidores, e unha nova actitude de gasto e consumo. Aí nos vai en xogo a saúde humana e a do planeta. Xa é necesaria unha nova forma sostible de enerxía, deixar xa os combustibles fósiles -petró-

leo, carbón, mesmo o gas natural- que contaminan moito e quantan, con consecuencias que aínda non sabemos, o medio ambiente. Cada vez temos peor aire, peor auga. A nosa saúde queixase, mentres pode! Hai que dar paso ás eólicas, solares e fotovoltaicas. Pero non como se está a facer, de calquera xeito e en plan “godallo”. Non pode ser que os supostamente nos representan, sexan tan irresponsables como se está vendo. A eficiencia non está precisamente nos métodos e modelos ofertados. Non se pode destruír para facer, non se pode acadar un beneficio a custo doutros maiores. Os que ditan leis e gobernan deben aprender, deben observar os erros cometidos anteriormente, aquí e fóra de aquí, onde tamén tiveron que retroceder e volver poñer no seu sitio as cousas. Non podemos experimentar e, na mesma experimentación, destruír aínda máis o rural. Hai que recoñecer o grande erro da plantación masiva de eucaliptos. Algún día alguén terá que asumir a responsabilidade deste erro que nos cambiou a fisionomía, a terra e as paisaxes. Unha materialidade que viña salvar vidas e dar cartos, e finalmente non trouxo o prometido, anque

trouxo incendios e irrecoñecibles males de medo e ameazas, sobre todo para as nosas árbores e seres vivos. En verdade, debemos recuperar os niveis de consumo e confort limpo e sostible. Anque, hanme perdoar neste caso o pesimismo, non lles creo. O que pretenden é un abuso, e por desgraza non saberán dar ese paso en favor do servizo ao pobo que os sustenta. Ben se ve como as empresas dos encoros baleiran, cando os prezos son altísimos, a auga. Como se fose deles, como se fosen amos e señores dun ben público que tan só, así teño entendido, deben xestionar para beneficio da totalidade. A reacción vai emparellada a multas insignificantes. Seica, e aí entra a xudicatura toda, a lei permite e poden facer canto fixeron. Quizais trocar a lei? Aínda agardo que alguén pete forte na mesa e obrigue a que as cousas se fagan como deberan. Lembro o que dicía aquela vella veciña miña, e ha ter razón: foi con auga a primeira extinción, a segunda será con lume e ardendo!



Alimagro 2021 promocionou a comarca da Limia

O Inorde organizou, na última xornada da Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola celebrada en Xinzo de Limia, un obradoiro de gastronomía saudable e sostible que baixo o título “O papel da pataca” foi impartido polo chef Carlos Parra, do Castelo de Maceda.

Emma González, xerente do Inorde, visitou Alimagro 2021, que foi “escaparate idóneo para dar a coñecer a riqueza agrogandeira da comarca da Limia, territorio clave para o sector primario da nosa provincia”, dixo e sinalou que, por elo, o Inorde “quería acompañar aos agricultores limiaos nesta importante cita, ofrecendo

unha xornada práctica, a cargo dun mestre da cociña de Ourense como é Carlos Parra, para resaltar o potencial que ten a pataca como ingrediente fundamental de pratos saudables e sostibles”.

Deste modo, o Inorde organizou un obradoiro de gastronomía saudable e sostible que baixo o título “O papel da pataca”. O chef elaborou, ante os asistentes á actividade, un guiso de pataca Kennebec con chourizo ceboleiro e pemento de Oímbra aderezado con aceite de oliva galego.

Durante a presentación a xerente do Inorde acompañada pola alcaldesa de Xinzo de Limia, Elvira Lama; e o concelleiro de Medio

Rural de dito municipio, Amador Díaz, destacou o traballo que leva a desenvolver durante máis de 20 anos o Inorde, a través do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro, a prol do sector da nosa provincia, e agradeceu aos traballadores deste organismo o seu esforzo e dedicación, sobre todo, “neste último ano de pandemia, onde durante ese tempo, o Centro mantivo as súas portas abertas, para continuar a colaborar cos agricultores porque se algo evidenciou a crise sanitaria é que o sector primario é imprescindible e vital para toda a cidadanía”.

Así mesmo, Emma González lembrou que o Inorde mantén, en



Emma González dirixíndose aos asistentes.

terreos da antiga Lagoa de Antela, unha finca de ensaios na que se realizan experiencias de campo encamiñadas a testar novas variedades e novos cultivos, adquirir experiencias en novos tratamentos fitosanitarios, en innovadoras estratexias de fertilización e novos xeitos de loitar contra as pragas, co obxectivo de achegar información veraz e de primeira man aos

agricultores da Limia.

Alimagro 2021 reuniu, no pavillón de Xinzo e nos seus exteriores, a máis de trinta expositores e ofrecéronse degustacións gastronómicas durante os tres días que durou a Feira. No interior do pavillón estivo presente todo o relacionado coa pataca, mentres que no exterior estivo a parte relacionada coa maquinaria agrícola.

A cardióloga Marisa Crespo foi nomeada Filla Predilecta de San Cristovo de Cea

San Cristovo de Cea tributou unha homenaxe á doutora Marisa Crespo Leiro, todo un referente internacional no ámbito da insuficiencia cardíaca e do transplante de corazón, que recibiu no mosteiro de Santa María A Real de Oseira o título de Filla Predilecta do Concello. “Un máis que merecido recoñecemento a unha traxectoria profesional de indubidable proxección mundial, pero tamén a unha muller que destaca polo seus valores persoais e a súa calidade humana”, asegurou Manuel Baltar, presidente da Deputación.

O presidente provincial felicitou ao Concello e á veciñanza de San Cristovo de Cea “por unha homenaxe que contribúe a visibilizar a enorme riqueza humana e profesional de mulleres que, ben por nacemento ou por ascendencia, levan o nome de Ourense e dos seus distintos territorios polo mundo”.

A corporación municipal de San Cristovo de Cea aprobou no pleno celebrado en xuño de 2020 o inicio do expediente para nomear á Marisa Crespo como Filla Predilecta do Concello, “tendo en conta –sinala a acta– os valores persoais,



A homenaxeada con autoridades e a corporación municipal de Cea.

os méritos profesionais e o recoñecemento xeral que obtivo a doutora, ligada ao concello coa súa vivenda familiar no lugar de Santrós”. Unha traxectoria que para o alcalde, José Luis Valladares, “cumpre sobradamente as calidades para o seu recoñecemento pola corporación municipal”.

Marisa Crespo, que ademais de lembrar aos seus pais fixo na súa intervención “un exercicio de gratitude, que a nai de todas as virtudes, dirixe a Unidade de Insuficiencia Cardíaca e Transplante de Corazón no servizo de cardiología do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC). Profe-

sora titular de Medicina na Universidade da Coruña, forma parte do Comité de Educación da Sociedade Europea de Cardiología e ten publicados máis de 250 traballos científicos. Elixida pola revista científica Circulation como unha das mulleres líderes no mundo en transplante cardíaco, en 2020 recibiu a medalla de Ouro e Brillantes do Colexio Oficial de Médicos da Coruña, que destacou as súas calidades humanas e a súa entrega e dedicación aos pacientes, así como a súa contribución á mellora da organización da asistencia da insuficiencia cardíaca, tanto en Galicia como no resto de España.

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acusa á Xunta de "manipulación informativa"



A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) respondeu ás afirmacións falsas da Xunta de Galicia acerca da falta de comunicación previa ao descenso de máis do 80% do volume de varios encoros da Demarcación do Miño-Sil en Galicia.

“Estamos sorprendidos e indignados de que unha Administración, que se presupón seria, menta e manipule acerca da comunicación do baleirado, por baixo do 20%, dos encoros de As Portas e Cenza” explicou José Antonio Quiroga.

A comunicación efectuada

pola empresa hidroeléctrica, foi realizada cumprindo a normativa autonómica, Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, que obriga a comunicar e, ademais, faculta á Administración autonómica á vixilancia e, no seu caso, á adopción de medidas que garantan a protección e conservación da fauna acuática. Por outra banda, tendo en conta que desde a Xunta de Galicia incídese na idea de que os encoros da Demarcación do Miño-Sil atópanse baleiros na súa totalidade, cabe destacar que, a día de hoxe, están ao 45,26% da súa capacidade máxima.

A XV edición do Outono gastronómico chegará ao 19 de decembro

Nava Castro, directora de Turismo de Galicia, presentou en Celanova a XV edición deste programa que nestes 14 anos xerou ingresos no turismo rural por valor de máis de 4,4 millóns de euros. Como novidade, todos os establecementos participantes incluírán nos seus menús produtos galegos avalados pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal). Participan 73 establecementos de turismo rural galegos e participan 73 establecementos de turismo rural galegos e que se desenvolverá entre os días 17 de setembro e 19 de decembro de 2021.

Segundo explicou Nava Castro, esta campaña é unha aposta polos produtos turísticos galegos máis consolidados, deseñada para dinamizar a demanda turística despois da época estival e da que ao longo das súas 14 edicións celebradas ata agora xa se beneficiaron máis de 71.000 persoas

que xeraron máis de 4,4 millóns de euros coas súas estadias nos establecementos de turismo rural adheridos ao programa.

Nava Castro destacou que o éxito obtido nas edicións anteriores "consolida este programa como unha proposta ben contrastada e demandada polo público e polas casas rurais de Galicia". Así, engadiu, que neste ano 2021, malia continuar coa coxuntura sanitaria derivada da covid-19, Galicia está a ser apreciado polos visitantes coma un destino seguro, tal como demostran os datos de ocupación do verán, polo que tamén se prevé unha gran demanda nesta edición do Outono Gastronómico.

Para a directora de Turismo de Galicia, a campaña á que se suman ano tras ano máis establecementos é unha boa proba de que a colaboración público-privada no ámbito do sector turístico xera riqueza para o territorio e contribúe a dinamizar a nosa gastronomía e á



Presentación do Outono Gastronómico de 2021.

promoción de produtos como os viños e os licores tradicionais da nosa comunidade.

Modalidades

O programa Outono Gastronómico en Turismo Rural de Galicia permite gozar dun menú así como contar co aloxamento aproveitando a gastronomía que presenta cada establecemento. Así, contéplase desde a posibilidade de cear nun dos establecementos

adheridos ao programa (Menú Outono Gastronómico) a un fin de semana outono gastronómico (Paquete ou Fin de Semana Outono Gastronómico).

Tamén se ofrece o Outono plus, co que algunha das casas participantes, ademais da restauración e o aloxamento, porán á disposición dos seus clientes distintas outras actividades complementarias como paseos a cabalo, rafting,

sendeirismo, visitas culturais, entre outros.

Como novidade, todas as casas rurais participantes incluírán nos seus menús produtos galegos con certificación de calidade avalados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural.

Este organismo organizará durante a campaña degustacións de produtos de calidade e actividades relacionadas co coñecemento dos provedores, que serán gratuítas e exclusivas para os clientes do Outono Gastronómico aloxados nas casas participantes.

Outra das novidades desta edición será o programa de fidelización denominado OuBono Gastronómico, un carné co que os clientes que contraten dúas Fins de Semana Outono Gastronómico recibirán outra gratuítas, dentro dun cupo de 25 oubonos que se entregarán por rigorosa orde de recepción en Turismo de Galicia.

Cicloturismo pola Ribeira Sacra

O evento "A Ribeira Sacra Cycling Road", que organizou por primeira vez o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) co apoio da Axencia de Turismo de Galicia, tivo co padriño de excepción a Abraham Olano, campión do mundo no ano 1995 e tamén gañador de La Vuelta España. Emma González, xerente do Inorde, acompañada por autoridades locais e autonómicas, foi a encargada de entregar unha placa conmemorativa a Olano á saída da proba en Luintra.

Este evento contribuíu a divulgar e a promover unha das zonas emblemáticas da provincia como é a Ribeira Sacra, amosando a través do deporte a riqueza natural, paisaxística e patrimonial que ofrece este territorio. A proba, que transcorreu polos municipios de Nogueira de Ramuín, O Pereiro de Aguiar, Esgos, Xunqueira de Espadanedo, Parada de Sil, Montederramo e A Teixeira, reuniu a 335 participantes dos que preto do 40% procedían de fóra de Galicia (Madrid, León, Asturias, País Vasco...).



Os ciclistas polo Concello da Teixeira.

Ademais, a marcha cicloturista contou con deportistas profesionais como Iván Feijóo ou Carlos Canal, o único profesional galego que participou en La Vuelta España e que non quixo perderse esta cita na Ribeira Sacra.

Os deportistas participaron nun dos tres posibles percorridos: gran fondo de 115 quilómetros e +2700 metros de desnivel; medio fondo de 100 quilómetros e +2200 metros de desnivel; e o mini fondo de 65 quilómetros e +1400 metros de desnivel. "A Ribeira Sacra Cycling Road" contou cun tramo cronometrado con circulación libre que incluía a última subida, con ramplas do 24%. Así mesmo, os

tres primeiros de dito tramo recibiron un premio especial.

A proba non competitiva, finalizou coa seguinte clasificación: o primeiro posto do mini fondo foi para José Antonio Figueiras; Anxo Cid do Club CC Antelano logrou o primeiro posto do medio fondo; e David Mayo do Club Ciclista León foi o gañador do gran fondo e do tramo cronometrado.

Esta marcha cicloturista é unha das probas que forma parte do convenio asinado entre o Inorde e a Axencia de Turismo de Galicia para colaborar entre ambas entidades na realización de diversas actividades de dinamización turística da provincia de Ourense.

A residencia de maiores do Carballiño cumpre 120 anos



Celebración do aniversario.

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fernando González Abeijón, participou no acto de celebración do 120 Aniversario Asilo de O Carballiño, organizado pola Residencia Hermanos Prieto. Alí, o director xeral puxo en valor a longa traxectoria desta entidade, da que destacou o seu compromiso diario por e para o benestar dos maiores, aos que a pandemia volveu si-

tuar como piares fundamentais da nosa sociedade.

O programa de conmemoración do 120 aniversario da residencia Hermanos Prieto ofreceu distintas actividades como excursións cos usuarios e unha visita a unha exposición fotográfica "O Asilo en tempos de pandemia", ata distintas xornadas de convivencia entre traballadores e residentes, entre outras propostas.

O Pereiro de Aguiar impulsa a investigación do Castelo de Parada

A moi poucos metros da aldea de San Salvador de Vilariño, no Concello de Pereiro de Aguiar, encóntrase un dos gravados en pedra máis enigmáticos de España. Nun penedo granítico disposto a un lateral do camiño emerxe a inscrición “Sicenata Pacata”. Un epígrafe descrito xa por Ferro Couselo na década dos setenta do pasado século como posible resultado da pacificación destas terras hai máis de dous mil anos.

Ferro Couselo e outros especialistas abriron a porta á interpretación de que os caracteres gravados na pedra sexan de época romana e a súa posible tradución sexa algo semellante a “vencidos, pacificados”. Hipótese que tenlle

servido a moitos outros para imaxinar que no Concello de Pereiro de Aguiar encóntrase o famoso Monte Medulio. Lugar onde se suicidarían os derradeiros combatentes galaicos para evitar ser escravos do exército romano.

Garantir a conservación do epígrafe e determinar a súa antigüidade é un dos obxectivos do equipo de técnicos que dende esta semana traballa na zona. O arqueólogo director da intervención, Martiño Xosé Vázquez de Xeitura S.Coop.Gal., pedía prudencia á hora de aventurar a antigüidade da inscrición “pois todos os materiais recuperados no sitio polo momento relaciónano máis ben co horizonte medieval do xacemento arqueolóxico inmediato

coñecido como O Castelo. Un lugar cunhas condicións de control e defensa óptimas para dominar máis de dez quilómetros do discurrir do río Miño”.

Luís Menor, alcalde do Pereiro de Aguiar, visitou o lugar acompañado do estudoso local Fernando Iglesias Ramos, autor dunha monografía publicada este mesmo ano baixo o título “Vilariño, memorias dunha bágoa”. O rexedor apuntaba aos medios que “esta é a primeira das moitas actuacións que temos previstas na zona para converter a ribeira do río Miño que discorre polo noso municipio nun atractivo cultural e turístico. Reivindicándonos unha vez máis como porta de entrada á Ribeira Sacra”.



O alcalde cos técnicos.

Agradeceu o respaldo económico da Deputación de Ourense para sufragar esta actuación e as diferentes actividades que a acompañan. Así é que os venres 10 e 17 de setembro, en horario de tarde, realizáronse diferentes actividades para implicar á veciñanza - e en especial á mocidade - na investigación, protección e difu-

sión dos restos arqueolóxicos da zona.

Realizouse un exercicio de cartografía participativa e prospección sobre a contorna, procurando identificar novas inscricións ou restos que axuden a comprender a historia do lugar. Tamén realizouse unha visita guiada nocturna para facilitar a lectura da inscrición.

O Pereiro recuperará a aldea modelo de Reboredo, en Calvelle

Trátase do primeiro e único en Galicia ligado ao programa de aldeas modelo o que supón unha gran oportunidade para o concello pero tamén unha importante responsabilidade ao ser pioneiros neste tipo de actuacións. Para a consecución deste obradoiro colaboraron os concellos veciños de: Nogueira de Ramuín, Esgos e Paderne cuxos parados tamén poden atopar no obradoiro unha oportunidade para a mellora das súas expectativas laborais. Serán 20 alumnos divididos en dous módulos de 10 os que serán seleccionados nos módulos de albanería e actuacións forestais. A duración son nove meses e neste tempo os alumnos formaranse e porán en práctica o aprendido rehabilitando o núcleo de Reboredo e a súa contorna.

Dende hai máis de un ano están en marcha os traballos na aldea modelo de Reboredo, parroquia de Calvelle. Foi das primeiras aldeas modelo e responde plenamente aos requisitos das mesmas: despoboación, abandono das terras, alto risco de incendio....Logo dos trámites pertinentes puxéronse en marcha as labores de limpeza e acondicionamento do entorno da mesma, labores que se viron



Reboredo será aldea modelo.

fortemente afectadas pola pandemia, e que agora están a piques de finalizar coa adxudicación dos terreos o cal ten a obriga de mantelos nas condicións recibidas e servirá para manter en bo estado de conservación os mesmos, ata hai ben pouco, totalmente abandonados.

Pereiro de Aguiar xeolocalizará vivendas e empresas

O proxecto, que será conxunto co Concello de San Cibrao é apoiado pola Xunta a través de Agader, e concretamente de Adercou, ascende a máis de 140 mil euros que beneficiarán aos máis de doce mil veciños e empresas de ambos concellos. Permitirá elaborar unha nova planimetría dixitalizada, a obtención e numeración homoxenea de ambos concellos. Tamén permitirá a xeolocalización de todas as vivendas e negocios de feito que poderán ser atopados cos buscadores que se utilizan habitualmente. O novo servizo é escalable, isto é, permitirá incorporar novas funcións moi útiles para veciños, administracións e empresas prestadoras de servizos.

“Co crecemento constante de poboación que experimentamos Pereiro e San Cibrao nos últimos 20 anos a planimetría dos mesmos está a sufrir cambios constantes que a veces producen disfuncións en canto a numeración de vivendas e negocios e dificultan a súa localización”, sostén Luis Menor, alcalde do Pereiro. “Ademais avanzamos na solución que se da a este problema e, coa dixitalización



destes datos, permitirá que os mesmos sexan utilizados polas plataformas habituais para ser localizados e condúzan directamente aos mesmos”, di Luis Menor. “Un gran avance para todos e que nos permitirá ademais seguir engandando funcións que mellorarán moito a situación actual e avanzar na prestación e mellora de servizos” segundo o rexedor municipal.

Cun prazo de execución de nove meses esta necesidade estará cuberta de xeito satisfactorio e moderno. Trátase dunha vella demanda e un intenso traballo desenvolvido para atendela que se ve culminado coa posta en marcha deste proxecto.

A Unesco declara a Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel a sétima reserva da biosfera de Galicia

Abarca unha superficie total de 306.534,77 hectáreas que se estende polos canóns do Sil e polo río Miño

A Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel xa é, oficialmente, a sétima reserva da biosfera de Galicia. Así o proclamou o Consello Internacional de Coordinación do Programa Man and the Biosphere (MaB) da Unesco, reunido na cidade nixeriana de Abuja e que anunciou públicamente os novos territorios recoñecidos baixo esta figura internacional.

Durante a súa intervención por videoconferencia para defender a candidatura ante o órgano reitor do MaB, na súa 33ª sesión, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, subliñou a importancia desta decisión tanto para os 23 municipios incluídos na mesma —18 da provincia de Lugo e 5 da de Ourense cunha poboación total de máis de 75.000 habitantes— como para o conxunto de Galicia.

Así, lembrou que coa incorporación da sétima reserva da biosfera, a superficie que conta en Galicia con este recoñecemento

internacional increméntase ata chegar a case o 35% de todo o territorio; pero tamén suporá que o 42% da Comunidade quede amparado baixo algunha figura de protección, afianzando o recoñecemento á riqueza do noso patrimonio natural en todo o mundo.

Rede mundial

De feito, a Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel é a segunda máis grande da Comunidade, xa que abarca unha superficie total de 306.534,77 hectáreas que se estende polos canóns do Sil e polo río Miño e destaca pola súa gran beleza natural e pola riqueza cultural e etnográfica que atesoura.

Tras a proclamación por parte da Unesco, este territorio intégrase oficialmente na Rede Mundial de Reservas da Biosfera e súmase aos outros seis que contaban xa en Galicia con este recoñecemento: Terras do Miño; Área de Allariz; Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá; Río Eo, Oscos e

Terras de Burón; Transfronteiriza Gerês-Xurés; e Mariñas Coruñesas-Terras do Mandeo.

A conselleira lembrou tamén que en base á experiencia adquirida e tendo en conta as accións levadas a cabo nas outras reservas da biosfera galegas, a Xunta liderou un plan de acción que tiña como eixos fundamentais a conservación da biodiversidade, a restauración e mellora dos ecosistemas, o fomento do uso sostible dos recursos naturais, a mitigación do cambio climático e a promoción dunha sociedade sostible e plenamente integrada coa súa contorna.

Na mesma liña, subliñou o carácter participativo do proxecto impulsado a finais do ano 2017 para lograr a proclamación da Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, un “proxecto de país”, dixo, que agora toca poñer en práctica e materializar.

Tras agradecer o traballo e a implicación de todas as administracións, institucións públicas e privadas e colectivos e axentes sociais que contribuíron nestes anos ao éxito da candidatura, a conselleira resaltou a necesidade de seguir apostando polo mesmo modelo participativo para poñer en marcha, a futuro, un proxecto



que harmonice a conservación deste territorio co seu imprescindible desenvolvemento sostible, tanto desde o punto de vista económico como social.

Case catro anos de traballo

A candidatura da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel a reserva da biosfera culminou un longo camiño, impulsado e liderado desde o principio pola Xunta de Galicia e que se concretou a comezos do ano 2019 nunha primeira proposta, elaborada coa colaboración do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) da Universidade de Santiago de Compostela e da Fundación Juana de Vega.

Tras un longo proceso de participación pública e unha vez superado o trámite ante o Comité

Español do Programa MaB, que en novembro de 2020 avalou a candidatura por unanimidade e decidiu seguir adiante coa súa tramitación, a proposta para declarar reserva da biosfera a Ribeira Sacra chegou a mans do órgano consultivo internacional da Unesco hai uns meses, que emitiu un informe favorable no que, ademais, felicitaba aos promotores polo traballo realizado e a “excelente” calidade do proxecto.

Case catro anos despois de que a proposta galega botara a andar, a declaración oficial da nova reserva da biosfera por parte do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial do Estado, ao tratarse dun instrumento internacional de protección.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Os cachopos de Vilavella

En Café Bar Vilavella ofrecemos cociña caseira ao estilo asturiano, con pratos abundantes e moi boa materia prima local”, asegura Francisco Miguélez, o xerente. “Parte da miña vida laboral en hostalería desenvólvinse en Asturias. Coñezo ben a súa cociña e quería traer a súa esencia a Ourense. Así que non podía faltar un dos pratos máis coñecidos do Principado: os cachopos.”

O menú do día ofrece por 11 euros

varios primeiros e segundos, sobremesa, bebida e café. O medio menú (prato primeiro ou segundo) por 7 euros. Os sábados, o menú custa 15 euros e engade gambones de primeiro e cachopo de segundo. Ademais, carrilleras, codillos de porco, pratos de culler (a repetir), tapas variadas e sobremesas feitas no establecemento. Os luns pola tarde hai menú especial para estudantes composto por hamburguesa, patacas e bebida por 4,5 euros. Fan comida para levar.



O local ten 220 metros cadrados.

Comida grega en Tapería Cocote



Javier Prieto, Theodora Papadopoulou e Miguel Veiras.

Javier Prieto e Theodora Papadopoulou, na cociña, e Miguel Veiras no servizo de mesas, rexentan Tapería Cocote, en rúa Fornos de Ourense (antes estaban en As Lagoas). Preparan spanakopita, (especie de empanada de masa filo rechea de espinacas e queixo). Tamén

ensalada horiatiki, (leva queixo feta e oliva de Kalamata); ou saganaki, (queixo frito con froitos vermellos). Tamén salsa tzatziki (iogur grego, cogombro e allo), souvlaki (espeta-das de pito marinadas con pementos). Serven polbo á prancha, gyozas, ensaladas e carne.



Bilbaínos en Ourense



Os bilbaínos en Trasnó, da rúa Lepanto.

Juan, Sergio, Jon e Aitor son de Bilbao. Sergio fixo o servizo militar en Figueirido (Pontevedra). Estiveron en setembro en Ourense por primeira vez aínda que non é a

primeira viaxe por Galicia. Nesta ocasión visitaron Ribadavia, Allariz, Verín, Parada de Sil, Castro Caldelas e Sober. Polo caso vello de Ourense percorreron varios locais de hostalería.

Con calzado de Arnedo

Víctor é de Vigo, os seus pais de Quintela de Leirado (Ourense) e Julio, de Elda (Alacante). Ambos son comisionistas de calzado. Julio vén a Galicia dúas veces ao ano desde fai vinte. Representa a calzados da marca Pitillos, de Arnedo (A

Rioxa Baixa) onde viven fundamentalmente da industria do calzado. Ambos compartiron mesa e mantel en Tapería a Barbería da zona vella de Ourense. Víctor trae calzados para muller de Alpe (Santa Cruz de Retamar, Toledo).

As cervexas de Paco

Café-bar-cervejería onde gozar dun bo almorzo, un petisco co vermut, unha cana, un viño... Tamén teñen pratos combinados, bocadillos, hamburguesas, barquetas ou tapas. E pola noite unha copa. Dispoñen de terraza e wifi para os clientes. Está aberto, de lúns a domingo, desde as sete da mañá. Local agradable e moderno. Especialistas en "tirar" canas de cervexa.



Víctor, Chato e Julio.



**Café Bar
PACO**

Pizzas
Hamburguesas
Especialidade en
cañas de cervexa

Rúa do Vinteun, 19
Tfn. 988 31 87 93
Ourense



**CAFÉ BAR
VILAVELLA**

Menú diario
Comida á carta
Cachopo
Codillo
Carrilleras

Río Cerves, 2
988 000 450
O Vinteun
Ourense



**TAPERÍA
COCOTE**

Especialidade:
comida grega
Tosta mexicana
Rúa Fornos, 5
608 49 04 49
Ourense



**DON
ÁLVARO**
Desde 1967

Don Alvaro Ribeiro
o viño verdadeiro

Avda. de Santiago 120.
Ourense.

Remataron os traballos arqueolóxicos do Castro de Cameixa

Gabriel Alén, delegado da Xunta, desprazouse ao concello de Boborás para comprobar da man da súa alcaldesa, Patricia Torres, o remate dos traballos de escavación e consolidación do Castro de Cameixa, nos que a Consellería de Cultura investiu na edición deste ano 12.705 euros.

Os traballos consistiron na limpeza e roza, baixo control arqueolóxico, da vexetación da zona de actuación e a súa contorna máis inmediata, isto é, a parcela de actuación e acceso á mesma. Tamén se desenvolveron traballos de escavación con metodoloxía arqueolóxica dunha área de aproximadamente duns 100 m2 que permitiu exhumar parte

dos restos arqueolóxicos descubertos nas escavacións dos anos 40 do século pasado que posteriormente se diagnosticaron e as estruturas exhumadas foron debidamente consolidadas. Tamén se levaron a cabo traballos de documentación fotográfica e planimétrica da área de actuación e das diferentes fases.

O Castro de Cameixa sitúase na parroquia de San Martiño de Cameixa, lugar de Cameixa. Trátase dun castro de obrigada referencia na bibliografía especializada debido a que foi un dos primeiros castros que se escavou con certa metodoloxía arqueolóxica (anos 40 do século XX) e que aportou datacións absolutas de C14 que permitiron reformular os distintos

períodos da cultura castrexa. Presenta dous recintos amurallados e incluso outro antecastro máis exterior pero sen defensas ben definidas. Foi escavado nos anos corenta do século pasado por Florentino López Cuevillas e Xaquín Lorenzo Fernández deixando ao descuberto parte dun tramo de muralla xunto con dúas construcións circulares e unha cuadrangular. Froito da escavación exhumáronse restos cerámicos, pétreos, orgánicos (landras e legumes carbonizadas) e metálicos que abarcan un espectro cronolóxico que iría dende o século VI a.C. ata o I ou incluso II d.C.

No ano 2018 procedeuse a seleccionar a zona de escavación partindo dos debuxos do profesor



Escavacións no Castro de Cameixa.

Xaquín Lorenzo (Xocas) co gallo de localizar e exhumar os restos de estruturas que se rexistraron nas escavacións dos anos corenta, cuadrículando unha zona duns 100 m2. No ano 2019 procedeuse a seleccionar a zona de escavación cuadrículando unha zona duns 120 m2 (escavando unha superficie de 80 m2), e continuando coas xa escavadas no ano 2018. No ano 2020 procedeuse a cuadricular uns 80 m2 e

continuouse cos restos estruturais atopados en 2019. O obxectivo era por un lado, completar o peche da estrutura cuadrangular que se superpón á circular no sector norte e por outro lado ampliar a escavación a unha zona non escavada por Xaquín Lorenzo co fin de definir e comprobar datos estratigráficos e de materiais necesarios para seguir avanzando na investigación deste xacemento.

O río Xares terá unha nova ponte

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, e Manuel Corzo Macías, alcalde de O Bolo avaliaron os proxectos clave para o concello, como a construción dunha nova ponte sobre o río Xares. Feijóo precisou que a Administración autonómica prevé financiar o 50%, a Deputación de Ourense achegará o 25%; mentres que a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, o 25% dos 460.000 euros orzamentados para esta ponte, que substituirá o actual paso, pechado ao tránsito desde decembro de 2019.

Feijóo confirmou a participación da Xunta no conфинanciamento e nestas porcentaxes para a nova ponte, "sen prexuízo das reclamacións que se poidan producir ás empresas que xestionan os encoros polos danos producidos", matizou o máximo mandatario galego ao respecto de que o rexedor do Bolo atribuíu o derrubamento da ponte a apertura das comportas dos encoros en A Veiga e San Fiz.

Saneamento

O presidente autonómico con-



Alberto Núñez Feijóo e Manuel Corzo Macías.

firmou unha dotación de preto de 12.000 euros para levar a cabo as obras de mellora nos sistemas de depuración nos núcleos de Valdanta e As Ermidas. Ademais, recordoulle ao rexedor deste concello ourensán que a Xunta tenlle solicitado ao Executivo central fondos de reconstrución para a mellora de acondicionamento da estrada OU-533 entre A Gudiña e A Rúa, un proxecto estratéxico para as comunicacións da zona, ante a posta en servizo da alta velocidade ferroviaria.

Lago de confirmar o obxectivo

da Xunta de dar continuidade á senda peonil que se está a executar na estrada OU-533, cun investimento de preto de 50.000 euros, Feijóo referiuse tamén á posta en valor do Santuario das Ermidas, declarado Ben de Interese Cultural en 2006. Ao respecto, subliñou que, tras un investimento de máis de 300.000 euros, o Goberno galego destinará entre este ano e 2022 unha achega de máis de 280.000 euros para a restauración da Igrexa, a recuperación da Casa da Administración e as zonas comúns, como o Horto dos Olivios.

Baltar, reeleixido presidente do PP ourensano



Teodoro Egea, Manuel Baltar e Alberto Núñez Feijóo.

José Manuel Baltar Blanco foi reeleixido presidente provincial do PP ourensán no congreso no que recibiu o 99,24% dos votos (657 de 662) e cinco en branco. O presidente da Deputación foi o único aspirante ao cargo.

Os asistentes recibiron un calendario coa foto de Baltar do ano 2023, cando se celebran as eleccións municipais. A data dos comicios, o 28 de maio, aparece destacada porque esa é a principal prioridade que Baltar marcouse nesta nova etapa á fronte do PP de Ourense. Segundo o reeleixido presidente "ese día o partido gañará

en todos os concellos da provincia, na entidade local de menor de Berán e teremos maioría absoluta na Deputación". O PP pretende superar o récord histórico de alcaldías populares (71 de 92).

Blanco presentou os 105 membros do comité executivo que aprobou e ao plenario, no que hai unha renovación do 40% cunha maioría de mulleres (53 fronte a 52 homes), un 70% de concelleiros e unha idade media de 48 anos. Presentou tamén aos 17 membros do comité de dirección que o acompañará este próximo mandato.

A Xunta acomete novas actuacións arqueolóxicas na claustro e no adro da Catedral de Lugo

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade deu comezo a unha nova actuación arqueolóxica no claustro e no adro da Catedral de Santa María de Lugo, á que destina 17.800 euros. Os traballos iniciáronse esta semana e darán continuidade á intervención realizada o ano pasado no claustro para elaborar o proxecto das obras de restauración que están actualmente en proceso de adxudicación. Naquel momento leváranse a cabo tres sondaxes arqueolóxicas coa finalidade de poder avaliar o sistema construtivo do seu pavimento actual, así como a estratigrafía e potenciais arqueolóxicos baixo del.

Nos vindeiros meses a Xunta investirá 600.000 euros para poñer en valor e garantir a correcta conservación do claustro, corrixindo os danos derivados do paso do tempo e de factores ambientais. Esta é unha das intervencións previstas no Plan Catedral que prevé desenvolver o Goberno galego no período 2021-2027.

En tanto se ultiman os trámites de adxudicación das obras, acométese unha nova fase de estudo arqueolóxico. Estase a realizar unha prospección xeofísica dunha superficie total duns 2.000 metros cadrados, sobre todo o claustro catedralicio e tamén o adro dianteiro da Catedral. A súa finalidade é determinar e delimitar a través da técnica do xeo-radar os posibles



Cultura adxudicará as obras de restauración por importe de 600.000 euros

restos arqueolóxicos existentes no subsolo e aportar a máxima información posible para planificar con maior eficacia futuros traballos de escavación e posta en valor.

No relativo á ampliación das sondaxes no claustro, afectará a unha superficie duns 20 metros cadrados, para delimitar con claridade o muro romano localizado no ano 2020 e outros posibles restos arqueolóxicos de época romana, constatar os niveis anteriores á necrópole medieval alí existente, e delimitar e datar o muro localizado por debaixo da dela.

Documentarase o proceso e os achados, achegando unha fotogrametría xeorreferenciada de cada sondaxe, e tomaranse mostras para a súa análise. O prazo de execución dos traballos será de catro meses, incluída a redacción da memoria técnica.

Restos de diferentes épocas

As sondaxes realizadas no claustro o pasado ano constataron

a clara superposición de restos arqueolóxicos de diferentes épocas históricas. O momento máis antigo é datado en época romana e consiste na aparición dun muro de cachotería de lousa aglutinada con argamasa de cal duns 50 cm de ancho e cunha cimentación máis ancha duns 70 cm. Esta construción muraria parece ter unha continuación en ángulo recto cara ao norte do claustro. Sobre este muro aparece un nivel de amortización e selado.

Tamén se constatou a aparición de senllos muros de cachotería de lousa duns 70 cm de ancho e que se desenvolven perpendiculares ás pandas norte e este do claustro, que pola súa feitura parecen de época medieval e que, como hipótese preliminar, podería formar parte do claustro medieval da catedral.

Tras a presenza dun horizonte de incendio, verificado na panda norte do claustro, constatouse a presenza, por riba dos anteriores

muros mencionados, dunha necrópole de tumbas rectangulares de lousas de lousa, onde se ve unha clara superposición deste tipo de enterramentos, algúns dos cales conservan aínda restos de ósos humanos que foron datados no século XI-XII d.C.

A actuación tamén permitiu constatar os traballos desenvolvidos durante a etapa barroca da catedral, como é o descubrimento da bancada de cimentación da sacristía, construída a finais do século XVII por Domingo de Andrade e tamén os muros de cimentación das tres pandas do claustro barroco (1705-1714). Todas estas obras romperon a secuencia estratigráfica das etapas anteriores e nas que, ademais, se observa o reaproveitamento de elementos arquitectónicos de época medieval.

Nos niveis máis superficiais obsérvase unha colmatación da necrópole a base dun recheo revoltado con predominio de tellas e bastantes restos de ósos humanos.

MARTIRENA



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



Nova escavación no xacemento arqueolóxico de Proendos, en Sober

A Xunta de Galicia iniciou unha nova fase de escavación no xacemento arqueolóxico de Proendos, en Sober, onde xa se actuou nos últimos anos sacando á luz numerosos materiais de ampla cronoloxía que van desde o século I ata o século V. Nesta ocasión, en colaboración co Concello de Sober, os profesionais da empresa Tempos Arqueólogos traballarán durante dúas semanas na zona. A actuación que se porá en marcha consistirá na realización de dúas sondaxes manuais no ámbito do xacemento. A primeira delas levarase a cabo na zona onde apareceu o pasado ano unha estrutura tipo hórreo co fin de ampliar a área escavada para a súa mellor

caracterización. Trátase dun achado que podería converterse no máis grande de Galicia e no primeiro da Comunidade vinculado a unha gran vila romana.

A segunda sondaxe, pola súa banda, centrarase nunha zona do xacemento próxima a igrexa de Santa María de Proendos para comprobar a posible existencia dunhas estruturas circulares que forneceu o xeoradar e que poderían ser un columbario romano. A iniciativa complétase con accións de difusión e coa realización dunha memoria técnica que contribúa a divulgar os traballos feitos e o valor deste xacemento.

Neste lugar tense constatado desde antigo, a través de achados casuais e intervencións non sis-

temáticas, a aparición de significativas evidencias materiais de adscrición romana que van desde un gran número de fragmentos de tégula, ladrillos e cerámica, ata varios fragmentos de columnas, capiteis, basas, epígrafes e restos de canalizacións de granito, moitos dos cales aínda se conservan nos muros de peche e no interior das casas do actual pobo de Proendos.

Desde 2019

Os últimos traballos impulsados neste xacemento xa constataron a existencia dun hipocausto, unha estancia oca que os romanos adoitaban construír debaixo do chan nos cuartos das vivendas e nos baños para que circulara o aire quente. Tamén se localizou unha



Xa se atoparon restos romanos do século I ao V.

ábsida circular, un elemento arquitectónico de orixe romano presente tanto en edificios relixiosos como seculares, e unha hipotética horrea romana. A estas achegas súmanse os numerosos materiais ou os restos das estruturas das edificacións, que xa foron localizadas a un nivel moi superficial nas primeiras xornadas de traballo, ou a aparición dun mosaico romano que non se conserva íntegro, pero do que si apareceron varios frag-

mentos reducidos.

A prospección xeofísica levada a cabo polo Concello de Sober no ano 2019 xa permitiu constatar a existencia de, polo menos, un complexo de hipocaustos de extensión considerable, varios elementos de posible carácter público e de servizos, posibles estruturas de habitación, unha probable trama urbana ou estruturas funerarias, así como un hipotético sistema de condución de augas.

Sae a luz unha muralla no xacemento de Penas do Castelo, en Brollón

A campaña arqueolóxica impulsada pola Xunta de Galicia, en colaboración co Concello do Brollón, a Comunidade de Montes e a Asociación Veciñal de Salcedo, vén de sacar á luz unha muralla de seis metros de ancho e catro de alto.

O achado descubriuse no marco dos traballos financiados polo Goberno de Galicia para afondar no estudo desta muralla, que xa antes de escavar resultaba monumental e nun estado de conservación excepcional. A estrutura está acompañada ademais dun sistema de foxos escavados na rocha de enorme tamaño e espectacularidade, reforzado este efecto pola situación acrobática do xacemento, pendurado sobre o río Lor.

O obxectivo dos arqueólogos era dar coas dúas caras da muralla para poder ter unha sección da mesma e poder comprender o seu sistema construtivo, ademais de deixar un recurso moi visual para as visitas. Neste senso, os técnicos traballaban cunha estimación de tres metros de ancho, mais ao pouco de comezar a escavar déronse conta que debían ampliar a sondaxe: a cara externa estaba moi clara mais a cara interna non aparecía.

Sistema moi orixinal

Os restos atopados correspóndense cunha muralla construída en seco, sen ningún tipo de argamasa entre as pedras e cun sistema construtivo moi orixinal. No seu interior os expertos puideron ver como a muralla está construída en base a unha especie de módulos que reforzan a estrutura. Os seus construtores foron dispoñendo, pois, unha serie de reforzos transversais no interior da propia muralla que axudan a resistir a enorme pendente sobre a que foi feita.

María del Carmen Martínez Insua, directora xeral de Patrimonio Cultural da Xunta, salientou a importancia deste descubrimento para poder afondar no coñecemento do noso pasado e documentar as técnicas construtivas coas que se estaba a traballar.

“A muralla é realmente monumental”, apunto pola súa banda Benito Vilas, membro de Árbore Arqueoloxía e director da intervención. “Ademais, o sistema construtivo neste terreo tan escarpado foi efectivo, para probalo non hai máis que ver o seu estado de conservación”.



A altura orixinal sería aínda maior, segundo os expertos.

Para Marisa Defente, da directiva da Asociación Veciñal e Comunidade de Montes, “este achado monumental é un atractivo para o monte de Salcedo, tanto para que a xente nos visite como para incidir na conciencia comunitaria da propia aldea. Reforza, ademais a nosa aposta polos usos recreativos e de espaxamento do monte”.

Xosé Lois Maceda, alcalde da Pobra do Brollón, destaca que “con esta intervención, este xacemento estraño, do que aínda non coñecemos a época pero absolutamente monumental, é un recurso turístico interesantísimo para a rede de recursos arqueolóxicos do Concello”.

Atlas Miradoiros da Ribeira Sacra

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, sinalou a suma de apoios como elemento fundamental para “contribuír a que este proxecto común que chamamos Ribeira Sacra desfrute das mellores perspectivas posibles”. Fíxoo na presentación do Atlas Miradoiros da Ribeira Sacra, unha publicación do xeógrafo Augusto Pérez Alberti que cualificou como “un punto máis no traballo pola candidatura da Ribeira Sacra, á que o autor ten sumado os seus esforzos case desde o primeiro momento”, explicou o conselleiro.

Neste sentido, puxo en valor o traballo dos 25 concellos que están comprometidos neste proxecto común polo “gran fito que se ten acadado no seu coidado e na súa preservación”, unha participación colectiva “que ten convertido á Ribeira Sacra nun entorno privilexiado”. “O esforzo común realizado para o impulso da candidatura a Patrimonio Mundial debe ser un orgullo para todos os concellos que ocupan e para toda Galicia”, engadiu.

Román Rodríguez destacou o valor do Atlas Miradoiros da Ribeira Sacra, “un volume que debuxa con acerto unha xeografía cuantiosa dos principais puntos de apreciación natural que se suceden ao longo da Ribeira Sacra e que está impregnado dunha mensaxe clara pola constitúe un manifesto elocuente sobre a necesidade de ser sustentables e garantir a continuidade deste belo patrimonio”.

A cuberta da casa da cultura de Quiroga foi rehabilitada

Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local, visitou xunto con Favier Fouz, delegado territorial da Xunta en Lugo e Julio Álvarez, alcalde de Quiroga, as obras de rehabilitación levadas a cabo na cuberta da casa da cultura do Concello, que contou cunha axuda de preto de 34.000 euros

Natalia Prieto explicou que debido á antigüidade da edificación, a cuberta presentaba un nivel grave de deterioro con filtracións no interior do edificio o que provocaba goteiras en case todas as dependencias da planta baixa e alta do edificio, de aí a necesidade do concello de levar a cabo esta obra nunhas dependencias onde se desenvolven moitas actividades lúdicas, educativas, deportivas e culturais deste concello lucense.

A directora xeral tamén visitou a parcela municipal na que se levarán a cabo as actuacións necesarias para a súa recuperación ambiental. No marco dun convenio co Concello que se alíña aos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, a Xunta destina case 75.000 euros destinados a resolver a degradación ambiental da finca e a súa posta en valor contribuíndo á rexeneración desta área para



Visita ás obras realizadas.

que sexa posible levar a cabo outras actuacións urbanísticas. Os traballos inclúen o desbroce da parcela, a adecuación do terreo, a creación de camiños e tarefas de axardinamento, colocación de mobiliario, instalación de saneamento, fontanería e alumeadado. A través do Fondo de Compensación Ambiental a Xunta colabora cos concellos en melloras ambientais coma estas cun investimento de 11 millóns de euros na convocatoria deste ano.

O Concello de Quiroga recibiu nos últimos anos case 754.000 euros das diferentes liñas de axudas da Vicepresidencia Primeira. Tanto a través da Orde de Infraestruturas de uso público, para o acondicionamento, urbanización e pavimentación da praza pública de Pacios de Mondelo; e mediante o Fondo de

Compensación Ambiental, na mellora no abastecemento e reparación de estanques en núcleos de Quiroga e tamén contou cunha axuda para vixilancia ambiental e mellora dos abastecementos de augas e áreas recreativas co concello de Ribas de Sil.

Este concello foi galardoado co Premio Coopera no ano 2014, dotado con 12.500 euros, no marco do consorcio de Turismo Ribeira Sacra, xunto aos concellos de A Pobra de Brollón, Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober, Taboada (todos na provincia de Lugo); A Peroxa, A Teixeira, Castro Caldelas, Esgos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, Xunqueira de Espadanedo (na provincia de Ourense).

A Xunta e o Concello de Pantón humanizarán os accesos ao balneario de Augas Santas



Alcalde de Pantón reunido coa conselleira.

A Xunta de Galicia e o Concello de Pantón colaborarán na execución dunha actuación urbanística para mellorar os accesos ao balneario e á fonte de Augas Santas localizados neste municipio. Así consta no convenio de colaboración asinado entre a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde, José Luis Álvarez, para fixar os termos da colaboración técnica e económica entre ambas administracións.

O proxecto —cun custo estimado de 1113.000 euros dos cales o departamento autonómico achegará o 70% e o goberno municipal o 30% restante— enmárcase no

chamado plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta fai máis dunha década co fin de axudar ás entidades locais a executar diferentes proxectos urbanísticos destinados á creación, mellora e humanización de equipamentos de uso público e colectivo.

O obxecto é a construción dunha beiravía peonil de acceso ao balneario de Augas Santas que o comunique coa praza do mesmo nome, situada a uns 500 metros e na que se localiza unha fonte. Tamén se cambiará a iluminación, reporanse dous sinais de madeira ao inicio e ao final do traxecto e instalarase un paso de peóns elevado.

Eficiencia enerxética no CEIP de Sober

O conselleiro de Educación e Universidade, Román Rodríguez, destacou o compromiso da Xunta de Galicia co rural galego, dotándoo de centros en igualdade de condicións e calidade educativa ca nas cidades. “Unha oferta de proximidade que fai que en centros como o colexio CEIP Virxe do Carme de Sober se duplicara a matrícula na última década”, destacou. Fixo estas declaracións nunha visita a este centro de Sober, onde a Xunta de Galicia vai realizar obras de mellora da

eficiencia enerxética e accesibilidade, cun orzamento de máis de 260.000€.

Rodríguez destacou que a oferta educativa en Galicia é tan ampla que a práctica totalidade dos alumnos de 3 a 11 anos teñan no seu concello un centro educativo. “Ademais —explicou— contamos coa rede de transporte escolar máis grande do Estado, concentrando o 21,6% do gasto de toda España, que dá soporte á escolarización dos máis pequenos independentemente do seu lugar de residencia”.

O conselleiro lembrou, así mesmo, que o seu departamento segue dando cobertura ás necesidades de escolarización dos concellos que medran no rural. “De feito, este mesmo mes inauguramos unha nova Escola de Educación Infantil en Coirós”, salientou.

O conselleiro explicou que o seu principal obxectivo é a mellora da eficiencia enerxética e do confort térmico do colexio. Os traballos consistirá na instalación de novas carpinterías de aluminio con rotura de ponte térmica, con



O alcalde de Sober co conselleiro no CEIP.

vidro dobre baixo emisor e con novas persianas. Ademais mudaranse os tubos fluorescentes existentes por luminarias LED, máis eficientes, e cambiaranse os radiadores de chapa por uns novos de aluminio.

A actuación inclúe, a maiores, a instalación de tarima flotante no salón de actos e a colocación dunha rampla de acceso para mellorar a accesibilidade ao centro. As obras contarán cun prazo de execución de tres meses.

María Neira, Premio Ourensanía 2020: “Como non vou estar agradecida a Ourense por darme o mellor pai do mundo”

O Premio Ourensanía que otorga a Deputación de Ourense viaxou ata Oviedo para facer entrega do galardón, correspondente ao ano 2020, á directora de Saúde Pública da Organización Mundial da Saúde (OMS), doutora María Neira, descendente de pai ourensán (O Barco de Valdeorras).

Foi distinguida polo gran labor que desenvolve no ámbito divulgativo e de concienciación sobre a pandemia da Covid-19. Un premio, que como dixo a homenaxeada, “faime estar máis agradecida con Ourense por darme o mellor pai do mundo: emprendedor, honesto, xeneroso, que saíu fóra a buscarse a vida, pero que nunca se esqueceu das súas raíces”. Unhas palabras ás que o presidente provincial, Manuel Baltar, respondeu agradecendo “o traballo que fas e seguirás facendo neste tempo de pandemia, nunha situación dramática na que toda a humanidade dirixía as súas miradas á OMS, personificada nas túas recomendacións e nesa prudencia activa nun momento que esixe non baixar a garda”.

Alfredo Canteli

Nun acto celebrado no espazo cultural da praza de Trascorrales e coa presenza do alcalde de Oviedo, Alfredo Canteli, quen agradeceu a elección da cidade para acoller o premio “a unha asturiana universal”, o presidente da Deputación felicitou á premiada e expresou o seu “agradecemento e admiración por un traballo tan profesional realizado nunha situación tan difícil como esta, e



Manuel Baltar, María Neira e Manuel Fdz. Quevedo.

desde unha personalidade marcada pola proximidade e a empatía”.

Manuel Baltar, que agradeceu a xenerosidade do alcalde de Oviedo pola cesión do espazo cultural e pola súa presenza –“nada máis acabar un pleno”- asegurou que tras o aprazamento da entrega do Premio Ourensanía 2020 “non había mellor idea que escoller esta cidade para celebrar este acto, reforzando os vínculos entre Ourense e Oviedo, porque “a Ourensanía non entende de límites xeográficos, é un sentimento”. Exemplificou este vínculo no Pai Feijoo, protagonista da primeira ilustración, nacido en Pereiro de Aguiar en 1676 e que faleceu na capital asturiana en 1764, “onde repousan os seus restos a escasos metros de aquí na igrexa de Santa María da Corte, protagonista da primeira ilustración e autor do primeiro tratado feminista do que se ten constancia, Discurso de mulleres, o cal cobra hoxe maior relevancia coa distinción a María Neira”.

“Non queremos vender Ourense, senón compartila”, dixo Manuel

Baltar aos asistentes, subliñando algunhas das súas principais fortalezas como o feito de ser “un mar termal, como provincia que somos co maior potencial termal de Europa e cuxa capital estará en semanas a dúas horas e oito minutos de Madrid grazas á alta velocidade, converténdonos na porta de entrada a Galicia e brindándonos novas e interesantes oportunidades”.

Ourensanía

Nunha intervención moi persoal e emotiva, María Neira afirmou que fora “unha grandísima idea traer un pedacito de Ourense ata aquí”, lembrando como o pasado ano “en plena pandemia e en momentos moi duros de traballo, recibín unha chamada con acento galego que me dicía que o presidente da Deputación de Ourense quería falar comigo para comunicarme a concesión do premio”. E nunha nova sorpresa, engadiu, “xa que o acto de entrega non puido celebrarse en 2020, a Deputación informoume que viría a Oviedo”.

María Neira asegurou levar a

Ourensanía “con moitísimo orgullo”, dedicando este premio a todos os sanitarios e a cantas persoas traballaron nesta pandemia, “e sobre todo a ese ceo de Ourense que me deu tanto, ao que tanto debo agradecer e ao que levo no corazón”.

O acto de entrega do Premio Ourensanía 2020, ao que acudiu unha representación do xurado, incluíu a interpretación dos himnos do Antigo Reino de Galicia e de Ourense, a cargo do gaiteiro maior da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, Marco Foxo, quen tamén interpretou o himno de Asturias xunto á Real Banda de Gaitas da Cidade de Oviedo.

O xurado do Premio Ourensanía estivo presidido por Manuel Baltar e integrado por Luís González Tosar, Manuel Guede, Patricia Torres, Eva Torres –presentes no acto-, Jesús de Juana, Juan Luís Saco, Miguel Anxo Fernández e Maribel Outeiriño, actuando como secretario Aurelio Gómez Villar.

María Neira

María Neira estudou medicina na Universidade de Oviedo e re-

alizou os seus estudos de especialización de Endocrinoloxía en Francia. Exerceu con Médicos sen fronteiras en Centroamérica e posteriormente trasladouse coa ONU a Mozambique e Ruanda. Ingresou na Organización Mundial da Saúde (OMS) como directora do departamento de Prevención e Erradicación de Enfermidades Infecciosas. Tras isto, en 2002, foi nomeada presidenta da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, trasladándose a Madrid. Poucos anos despois regresou a Xenebra para continuar o seu traballo na OMS, xa como directora do departamento de Saúde Pública e Medio Ambiente. Entre os premios que recibiu figuran a “Orde do Mérito Nacional” (Goberno da República Francesa, 2006); o Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional á OMS (Fundación Príncipe de Asturias, 2009) que recolleu xunto a Margaret Chan, e o Premio “Woman” (2015) recibido de mans da Raíña Letizia, recoñecementos aos que une este ano o Premio Ourensanía (2020).



O acto celebrouse no espazo cultural da praza de Trascorrales.

A cuarta edición do Salón do Deporte e Turismo Activo celebrábase os días 19 e 20 de novembro de 2021 en Expourense e servirá de antesala para o gran Congreso Internacional de Turismo Deportivo que a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia organiza para o mes de xuño de 2022 e que se celebrará no recinto feiral ourensán.

O comité asesor de Sportur Galicia reuniuse para establecer

Sportur Galicia o 19 e 20 en Expourense

as pautas do que será a vindeira edición que terá lugar uns días antes do comezo do calendario de competición de atletismo desta tempada e que arrinca coa celebración do trixésimo segundo Campionato de España Master en Pista Cuberta (26 a 28 de novembro).

Rogelio Martínez, director xe-

rente de Expourense, comentou os principais cambios que vai sufrir este salón derivados das restricións impostas pola pandemia. “A última edición de Sportur Galicia celebrouse no 2019. As cousas cambiaron tanto que resulta complicado pensar na posta en marcha dunha edición semellante, con centos de depor-

tistas realizando exhibicións e torneos no salón”.

A edición deste ano de Sportur Galicia contará cun área expositiva na que participarán destinos de España e Portugal nos que o turismo activo xogue un papel fundamental e tamén as distintas federacións que componen este comité.

Esta exposición de stands complementarase cunhas xornadas técnicas de carácter máis profesional, en formato híbrido, que abordarán a actualidade do sector analizando: as claves para a reactivación do turismo activo e deportivo; os protocolos de seguridade e boas prácticas ou o aproveitamento das oportunidades que os cambios nos intereses e necesidades do viaxeiro, logo da pandemia, abriron para estes sectores.